Os mínimos esixibles detállanse para cada unidade. A avaliación lévase a cabo ao longo de todo o proceso, polo que ten un carácter contínuo. Para acadar a avaliación positiva será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. Realizaranse avaliacións parciais nas datas que fixe o centro. Na avaliación das aprendizaxes do alumnado teranse en conta os produtos obtidos ao longo do periodo avaliativo (traballos, actividades diarias reflectidas no caderno,...) os resultados das probas realizadas, actividades e tarefas propostas ao longo de cada periodo avaliable nas que se reflectirá o grao de asimilación de conceptos, procedementos aplicados e consecución das competencias básicas. Asemadea valorarase a participación nas actividades propostas, a actitude amosada, o interese polo traballo diario, a presentación e o grao de execución das tarefas propostas, a relación cos compañeiros, a puntualidade. A nota da avaliación será entre 1 e 10 puntos (sendo o 5 para o mínimo para acadar a avaliación positiva). O 50% da nota obterase da media das probas escritas ao longo de cada periodo avaliativo, o 40% do traballo diario na aula e o 10% da actitude amosada. Para acadar a avaliación positiva será preciso obter como mínimo de 3,5 puntos en cada unha das probas realizadas. No caso de que o alumnado non acade unha cualificación positiva realizaranse actividades de recuperación programada para cada caso e unha proba de recuperación escrita ao comezo do trimestre seguinte, así como unha proba de recuperación final antes da realización da avaliación ordinaria.

Non se repetiran exames ou probas nos casos de non asistir, agás en circunstancias excepcionais como doenzas debidamente xustificadas cun documento médico. Os exames ou probas non realizadas poderán realizarse na recuperación correspondente.

Calquer exame ou proba na que se copie terá como consecuencia inmediata non superar a avaliación correspondente, independentemente das cualificacións que se obteñan. Polo que deberá realizar a proba de recuperación da avaliación correspondente. No caso de que se trate dunha recuperación deberá realizarse a proba final ordinaria, e se se tratase desta deberá realizarse a proba extraordinaria. Os exames ou probas escritas poderán ser contrastados oralmente sempre que o profesorado o considere oportuno, como pode ser o caso de sospeita de que se ten copiado durante a proba. O proba oral realizarase nun prazo máximo son superior aos 5 días seguintes á realización da proba. Para a superación da materia deberán entregarse os traballos non realizados no momento correspondente así como o caderno de traballo de ser o caso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o alumnado non acade unha cualificación positiva realizaranse actividades de recuperación individualizada (programadas para cada caso) que seran cualificadas cun maximo de 4 puntos sobre 10 e unha proba de recuperación antes da avaliación seguinte, semellante as realizadas previamente (cunha cualificación máxima de 6 puntos sobre 10). De non superar as probas de recuperación parciais realizarase unha proba de recuperación global antes da avaliación final ordinaria. Esta proba tera un ha cualificación de 0 a 10, sendo necesario acadar 5 puntos para considerar recuperada a materia

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A proba de avaliación extraordinaria terá que superala o alumnado que ao longo do curso tivo un número de faltas de asistencia continuada (tanto xustificadas coma non) superior ao límite legalmente establecido para a perda de avaliación continua. A proba de avaliación extraordinaria constará de cuestións teóricas e prácticas relacionadas cos contidos e procedementos traballados ao longo do curso. Para acadar a avaliación positiva será preciso obter un mínimo de 5 puntos e realizar axeitadamente as cuestións referidas a contidos básicos que se indicarán na proba.

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O procedemento de avaliación da programación, da práctica docente e dos procesos de ensino aprendizaxe levarase a cabo do seguinte xeito:

- .- Comprobación da consecución dos obxectivos propostos
- .- Verificación da adecuación dos obxectivos, contidos, actividades e recursos propostos ás características e necesidades do alumnado
- .- Grao de desenvolvemento da programación
- .- Avaliación do aproveitamento dos recursos dispoñibles
- .- Adecuación da temporalización
- .- Avaliación das medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade
- .- Avaliación da coordinación co resto do profesorado.

Para isto empregaranse os seguintes instrumentos:

Questionario: O alumnado cumprimentará un cuestionario anónimo, elaborado para tal fin: no que iran valorando aspectos tales como o logro das expectativas iniciais, valoración dos contidos, metodoloxía empregada, claridade das exposicións, nivel de motivación, variedade, calidade e adecuación dos medios e recursos empregados, grao de suficiencia do tempo adicado, calidade da comunicación.

Para isto empregaranse os seguintes instrumentos:

- .-Questionario: O alumnado cumprimentará un cuestionario anónimo, elaborado para tal fin; no que se irán valorando aspectos tales como logro das expectativas iniciais, valoración dos contidos, metodoloxía empregada, claridade das exposicións, nivel de motivación, variedade, calidade e adecuación dos medios e recursos empregados, grao de suficiencia do tempo adicado, calidade da comunicación profesorado alumnado, relacións e ambiente na aula, propostas de mellora.
- .-Entrevistas persoais informais co alumnado
- .-Análise dos resultados obtidos polo alumnado ao final de cada trimestre

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso levarase a cabo unha proba escrita para valorar globalmente os coñecementos previos do alumnado con respecto aos contidos a tratar, e detectar a necesidade de reforzar algúns aspectos antes de abordar os contidos do módulo.

Ao comezo de cada unidade procederase de xeito semellante.

Tendo en conta a situación de excepcionalidade no desenvolvemento da programación do curso 2019-2020, derivada da pandemia da covid-19, farase especial fincapé en valorar se foron acadados os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación imprescindibles do módulo de Ciencias aplicadas I co fin de poder seguir a programación do módulo de Ciencias aplicadas II. En todo caso ao inicio de cada unidade farase un repaso dos mesmos co fin de afianzar as aprendizaxes correspondentes que permitan seguir este curso sen dificultade. No caso de que algún alumno amose dificultades especiais deseñárase un plan de reforzo personalizado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Levarase a cabo unha atención personalizada posible co fin de detectar no alumnado as dificultades de aprendizaxe que lle impidan lograr o éxito no módulo.

Terase en conta o seu nivel de coñecementos, capacidades, motivación e ritmo de aprendizaxe e aplicaranse as medidas conectoras ou de mellora mais axeitadas a cada caso concreto. Tales como adaptacións curriculares, actividades e material adaptado, modificación na temporalización, orde e criterios de avaliación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Nas actividades propostas e no día a día na aula tentarase que o alumnado afonde na percepción e comprensión da realidade na que se desenvolve empregando o xuízo ético baseado nos valores propios e na prácticas democráticas que deben presidir as relacións na nosa sociedade. E con isto contribuir a desenvolver a competencia social e cidadá.

Farase especial fincapé en fomentar os maiores niveis de conciencia e respecto acerca da diversidade etno-cultural, sexual, de opinión...Potenciarase a convivencia e a cooperación entre alumnado culturalmente diferente dentro e fora da aula, empatizando cos valores, comportamentos e crenzas doutras culturas.

A coodecuación mediante o emprego dunha linguaxe non sexista reforzarase mediante estratexias metodolóxicas como os agrupamentos mixtos, e o emprego de exemplos e actividades na aula que así o reflectan. Os valores fundamentaranse dende a dimensión individual e dende a colectiva. Individualmente desenvolveranse a autoestima, afán de superación, o espírito crítico, a tolerancia, a responsabilidade. Dende a dimensión colectiva desenvolverase a comunicación, a cooperación, a convivencia, a solidariedade, a tolerancia e o respecto.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A comezo de curso coordinarase a participación co resto do departamentos e ca dirección do centro naquelas actividades que de xeito transversal podan contribuir a un desenvolvemento integral do alumnado. En todas as actividades tratarase de facer un traballo na aula previo e posterior as mesmas, co fin de reforzar e afianzar aqueles aspectos da actividade uqe están mais en consoancia coa temática específica do módulo.

A participación en actividades complementarias e extraescolares neste curso estará supeditada as pautas marcadas polo protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros escolares.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CBCOM11	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
AM3011	Comunicación e ciencias sociais I	2023/2024	7	206	247

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA NADIA GEIJO DOMENECH,VICTORINO GARCÍA FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación será de aplicación ao longo do curso 2023/2024 no IES Ribeira do Louro do Porriño.

A formación recibida no título profesional básico en Servizos Comerciais permitiralle ao alumnado desempeñar diversos postos de traballo en empresas de distribución comercial, tanto por xunto (centrais de compras, mercados centrais de abastos, etc.), como detallistas (tendas, supermercados, hipermercados e grandes superficies comerciais), en centros de distribución comercial e en departamentos comerciais e almacéns de empresas doutros sectores productivos.

A contorna produtiva de O Porriño caracterízase pola variedade de empresas instaladas no concello, sobre todo nos polígonos de A Granxa e As Gándaras. Os sectores da actividade económica do concello son moi variados, destacando o do granito, a automoción, produtos químicos, alimentación, metal, comercio e servizos. A función comercial está presente en todas as empresa de calquera destes sectores produtivos, sendo, por tanto requirida a formación neste eido.

Os obxectivos do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta nova etapa na que se deberán ter en conta tanto as características específicas do alumnado como os seus repertorios e as súas experiencias, co fin de garantir a súa inclusión social e profesional.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións esixen o desenvolvemento das competencias que axuden aos individuos a exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. Os contidos correspondentes ás Ciencias Sociais terán sempre presente ese enfoque: coñecer o pasado e o presente para facer que o noso alumnado sexa consciente, entre outras cuestións, da importancia de respectar a diversidade cultural e social no planeta como garantía da paz entre as persoas e os pobos.

Por outra banda, no que se refire ao apartado de Comunicación, a lingua constitúe na sociedade moderna un fundamental instrumento de poder e de liberdade, polo que a súa finalidade básica debe ser o dominio da lingua galega e da lingua castelá, nas súas vertentes oral e escrita. Todos sabemos que aquela persoa que se sabe expresar correctamente, que coñece en todo momento o significado exacto das palabras e é quen de comunicar o seu pensamento dunha maneira clara e precisa, non é unha persoa que poida ser manipulada con facilidade. Se amais nos preocupamos para que o estudante asimile as estratexias de comunicación que o poidan axudar nas súas relacións cos demais a resolver os conflitos dun xeito construtivo, a nosa materia pódelle prestar ao alumno un servizo fundamental para a súa vida.

Doutra beira, a lectura e análise de textos teatrais, poéticos, narrativos e ensaísticos de diferentes épocas, tanto en galego como en castelán, debe ser unha actividade esencial no noso ámbito. Os seres humanos vivimos rodeados de textos de todo tipo, polo que cómpre axudar os estudantes a que interpreten correctamente eses textos e a que adopten unha actitude crítica. E iso sen esquecer tampouco esa función da lectura como fonte de pracer e de ampliación de experiencias, así como a posibilidade de utilizar as obras que se vaian traendo á clase como modelos para estimular a creación literaria entre os propios alumnos e alumnas. Terase que ter presente tamén a senlleira situación social que vive o galego, polo que unha meta tamén deste ámbito debe ser traballar para a eliminación dos posibles prexuízos lingüísticos sobre o idioma galego.

No apartado de Comunicación en Lingua Estranxeira procuraremos orientala ás necesidades específicas do ámbito profesional, así como un achegamento ao plurilingüismo e á interculturalidade como formas de

abordar a aprendizaxe da lingua e a cultura estranxeiras, partindo dos coñecementos e das experiencias propias, e dos repertorios individuais.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe		
					301199		
					RA 1	RA 2	RA 3
1	A lingua en acción	Asertividade: o diálogo para resolver conflitos. Correccións básicas á hora de escribir un texto.	40	15		X	
2	A linguaxe artística	Escolma de textos da literatura castelá (XIII-XVIII) e galega (XIII-XIX). Tipoloxía textual. Resumir, interpretar, crear.	40	15		X	
3	A lingua como sinal de identidade	Lingua e sociedade. O tesouro da diversidade lingüística no mundo. Cando e como naceron as linguas romances? Como a historia de Galicia se reflicte na súa lingua. Desmontando os prexuízos lingüísticos. Os medios de comunicación	25	10		X	
4	Are you from the UK?	Países e nacionalidades en inglés. Escribir un blog persoal. Verbo TO BE.	12	5			X
5	I've got a new smartphone	A tecnoloxía e a familia. Uso do HAVE GOT. Presentacións dixitais	12	5			X
6	Do you ride to school?	Os medios de transporte. Formas do PRESENT SIMPLE. Escribir un muro dixital.	12	5			X
7	We're part-time gardeners	As profesións. Expresión da existencia e adverbios de frecuencia. Escribir unha solicitude.	12	5			X
8	I'm wearing casual clothes	A roupa e as cores. Expresión da habilidade e PRESENT CONTINUOUS. Redacción dun correo electrónico formal.	12	5			X
9	The food was delicious	A comida e a gastronomía. Expresión do PAST SIMPLE. Escribir unha presentación.	12	5			X
10	Sapiens	Prehistoria. Grecia. Roma. Idade Media. Idade Moderna	24	10	X		
11	Patrimonio natural	O legado natural que cómpre protexer. Problemas ecosociais.	23	10	X		
12	Diversidade social. O dereito a unha información veraz	O respecto polo outro.	23	10	X		
Total:			247				

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	A lingua en acción	40

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Exercicio de avaliación inicial	1	Como escribes?	4,0
2.1 Saber planificar un texto	2	Como redactar correctamente un texto de opinión? (I)	2,0
3.1 Ser conciente da unidade parágrafo e da importancia de conectar ben as ideas nun texto	3	Como redactar correctamente un texto de opinión? (II)	3,0
4.1 Aprender técnicas para lle dar brillantez a un texto de opinión.	4	Como redactar correctamente un texto de opinión? (III)	5,0
5.1 Aprender a revisar a redacción dun texto para evitar erros frecuentes	5	Corrección dos erros de redacción máis comúns	4,0
6.1 Limpar a lingua de erros ortográficos e gramaticais	6	Corrección dos erros gramaticais e ortográficos máis frecuentes	8,0
7.1 Arriquecer o caudal léxico do alumnado	7	Léxico: actividades para a ampliación do vocabulario	6,0
8.1 Proporcionarlle ao alumnado as estratexias básicas á hora de resolver os conflitos.	8	Comunicación asertiva.	8,0
<b>TOTAL</b>			<b>40</b>



**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Comprendeuse e interpretoouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada	• PE.1	S	30
CA2.5 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais	• TO.1	S	10
CA2.6 Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical	• PE.2	S	30
CA2.7 Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística	• TO.2	S	10
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas	• PE.3	S	10
CA2.9 Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos profesional e persoal	• PE.4	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Alfabetización mediática e informacional. Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade. Aspectos básicos da propiedade intelectual. Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Estratexias de procura e selección de información. Análise dos riscos e das Comunicación. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Contexto: compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre as persoas interlocutoras; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas). Reflexión sobre a lingua. Análise da diversidade lingüística da contorna. Biografía lingüística. Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras e oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Como escribes? - Dous exercicios de redacción para comprobar o nivel inicial do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicacións e apoio ao alumnado na resolución de exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Conta en 25 liñas a historia dunha película que che gustase (en galego)</li> <li>-"Aquel fue un día extraordinario en mi vida" (en castelán)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dúas redaccións para realizar a avaliación inicial, para identificar e clasificar os erros da clase, e para facer unha reflexión sobre os mesmos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taboleiro e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1</li> <li>PE.3</li> </ul>	4,0
Como redactar correctamente un texto de opinión? (I) - Choiva de ideas e guiión previo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicacións do profesor e creación de modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicación da técnica da choiva de ideas a partir dunha serie de temas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dun guiión e traballo cun borrador antes de ofrecer unha redacción definitiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taboleiro e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>PE.3</li> <li>TO.1</li> </ul>	2,0
Como redactar correctamente un texto de opinión? (II) - Modelo de páxina, conxuncións e conectores textuais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicacións e apoio ao alumnado para facelo consciente da importancia da unidade parágrafo, dos conectores textuais e mais das conxuncións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Seguir un modelo de páxina axeitado ao noso texto e utilizar correctamente os conectores textuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de redaccións que sigan un modelo de páxina axeitado e que se axeiten aos principios do axeitamento, coherencia e cohesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taboleiro, presentación en powerpoint e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>PE.3</li> <li>TO.1</li> </ul>	3,0
Como redactar correctamente un texto de opinión? (III) - Procedementos para apoiar as ideas: emprego de datos e cifras, exemplos, comparanzas, formulación de preguntas, experiencias persoais, citas...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos principais procedementos existentes no apoio das ideas nunha redacción escrita ou nunha exposición oral: emprego de datos e cifras, exemplos, comparanzas, formulación de preguntas, experiencias persoais, citas...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprego por parte do estudante das técnicas para apoiar as ideas cando está a redactar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración de redaccións e exposicións orais que apliquen os procedementos máis importantes para apoiar as ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación en powerpoint. Emprego de documentais extraordinarios nos que se empregaron eses procedementos e que evidencia a eficacia comunicativa dos mesmos. Caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>TO.1</li> </ul>	5,0
Corrección dos erros de redacción máis comúns - Signos de puntuación, repetición de palabras, estilo directo e indirecto, redacción con pronomes relativos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Achegar exercicios sobre signos de puntuación, repetición de palabras, estilo directo e indirecto, redacción con pronomes relativos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Práctica de corrección dos erros máis comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redaccións ben puntuadas, sen repeticións de palabras, con manexo axeitado do estilo directo e indirecto, e coidado na elaboración de oracións con pronomes relativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades deseñadas polo profesor para realizar e incorporar ao caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>TO.1</li> </ul>	4,0
Corrección dos erros gramaticais e ortográficos máis frecuentes - Conxugación						8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
verbal, pronomes, acentuación ...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de actividades para evitar os erros gramaticais e ortográficos cometidos polo noso alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades para limpar a lingua dos erros gramaticais e ortográficos máis frecuentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo coa conxugación verbal, coa colocación do pronome átono e coa revisión das normas de acentuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taboleiro e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>TO.1</li> </ul>	
Léxico: actividades para a ampliación do vocabulario - Definición de palabras, asignación do nome específico a conxuntos de imaxes, sinonimia e antonimia	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de tarefas para o traballo con vocabulario visual, sinonimia e antonimia...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades para a ampliación do vocabulario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asignación do nome concreto a conxuntos de imaxes, definición de palabras (cinco palabras en cada sesión)...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taboleiro e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2</li> <li>TO.1</li> </ul>	6,0
Comunicación asertiva. - Mensaxes que facilitan o diálogo construtivo e mensaxes que o dificultan. Práctica na clase a partir de modelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as mensaxes que favorecen o diálogo construtivo e os que o dificultan ("obstrutoras). Facer consciente ao alumnado dos tres tipos de comunicación: agresiva, inhibida e asertiva, e concretar as formas que debemos utilizar cando dialogamos con alguén.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios para a práctica da comunicación asertiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Práctica oral e escrita da comunicación asertiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentacións en powerpoint, diálogos, caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4</li> <li>TO.2</li> </ul>	8,0
<b>TOTAL</b>						<b>40,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A linguaxe artística	40

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	NO

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Practicar a comprensión textual (delimitar temas e ideas principais, identificar características textuais, redactar resumos...) e a creación de textos propios a partir de modelos	1	Tipoloxía textual	8,0
2.1 Coñecer as distintas etapas da literatura galega a través dalgúns dos seus textos canónicos, buscando que sexan fonte de pracer e pretextos para a práctica interpretativa.	2	Escolma de textos da literatura galega	8,0
3.1 Coñecer as distintas etapas da literatura castelá a través dalgúns dos seus textos canónicos, buscando que sexan fonte de pracer e pretextos para a práctica interpretativa.	3	Escolma de textos da literatura castelá	8,0
4.1 Practicar a dicción e a lectura dramatizada de textos (recitado de poemas, lectura de texto de misterio, locución de textos publicitarios...)	4	Lingua oral e declamación	4,0
5.1 Practicar a lectura interpretativa de textos	5	Lectura de textos teatrais	4,0
6.1 Coñecer algúns textos poéticos que foron musicados para apreciar e maior medida a beleza dos textos, e, se o alumnado se presta, animarse a cantalos	6	Canción e poesía	4,0
7.1 Coñecer as figuras literarias máis importantes e empregalas en textos propios	7	Figuras literarias	4,0
<b>TOTAL</b>			<b>40</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Localizouse e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas	• TO.1	S	5
CA2.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de xeito progresivamente autónomo, buscando e seleccionando a información máis axeitada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de <u>propiedade intelectual e citando as fontes consultadas</u>	• TO.2	S	10
CA2.3 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	• TO.3	S	5
CA2.4 Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, <u>avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada</u>	• PE.1	S	25
CA2.5 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais	• TO.4	S	10
CA2.6 Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical	• PE.2	S	25

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística	• TO.5	S	5
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas	• TO.6	S	10
CA2.9 Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos profesional e persoal	• TO.7	S	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Alfabetización mediática e informacional. Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade. Aspectos básicos da propiedade intelectual. Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Estratexias de procura e selección de información. Análise dos riscos e das comunicación. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Contexto: compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre as persoas interlocutoras; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas).</p> <p>Educación literaria. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde a Idade Media ata o século XIX inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Expresión, a través de reflexión sobre a lingua. Análise da diversidade lingüística da contorna. Biografía lingüística. Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras e oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.</p>

#### 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Tipoloxía textual - A finalidade do texto: narrar, describir, expor e argumentar	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño de actividades para practicar a comprensión textual, a identificación das características textuais e a creación de textos propios a partir de modelos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballar con distintos tipos de texto (narración, descrición, exposición e argumentación) para realizar diferentes tarefas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Delimitación do tema e ideas principais dun texto, redacción de resumos...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades deseñadas polo profesor e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> <li>TO.1</li> <li>TO.2</li> </ul>	8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.3</li> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.7</li> </ul>	
Escolma de textos da literatura galega - Lectura e análise de textos da literatura galega (XIII-XIX)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparación dunha escolma de textos da literatura galega e achegar unha contextualización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura e análise de textos da literatura galega (XIII-XIX)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura e análise de textos representativos da literatura galega dende a Idade Media ata o Rexurdimento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escolma deseñada polo profesor e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> <li>• TO.3</li> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> <li>• TO.7</li> </ul>	8,0
Escolma de textos da literatura castelá - Lectura e análise de textos da literatura castelá (XIII-XVIII)					<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• TO.1</li> <li>• TO.2</li> </ul>	8,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.3</li> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> <li>• TO.7</li> </ul>	
Lingua oral e declamación - Articulación de vogais e consoantes. Foco informativo, velocidade, intensidade, ton, pausas e silencios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicar e acompañar o alumnado na realización desas prácticas para mellorar a lingua oral e a declamación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballar a articulación de vogais e consoantes, o foco informativo, a velocidade, a intensidade, o ton, as pausas e silencios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos orais cunha dicción correcta e práctica da lectura dramatizada (recitado de poemas, lectura de texto de misterio, locución de textos publicitarios...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un videoproxector e a lingua oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> <li>• TO.7</li> </ul>	4,0
Lectura de textos teatrais - Lectura de retrincos de obras da literatura dramática universal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparación dunha escolma axeitada de obras da literatura dramática universal que poidan enganchar o alumnado, e acompañar ao alumnado na lectura interpretativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura de retrincos de obras da literatura dramática universal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Practicar a lectura interpretativa de textos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos escolmados polo profesor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> <li>• TO.7</li> </ul>	4,0
Canción e poesía - escoitar, ler e cantar algúns textos poéticos fermosos que foron musicados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparar a escolma de cancións e acompañar o alumnado no canto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar, ler e cantar algúns textos poéticos fermosos que foron musicados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O coñecemento dalgúns textos poéticos que foron musicados para apreciar e maior medida a beleza dos textos, e, se o alumnado se presta, animarse a cantalos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeos musicais e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• TO.4</li> <li>• TO.5</li> <li>• TO.6</li> <li>• TO.7</li> </ul>	4,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Figuras literarias - Metáfora, símil, hipérboles, personificación, anáfora...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar e preparar fermosos exemplos de metáfora, símil, hipérboles, personificación, anáfora...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo coas figuras literarias máis importantes para empregalas en textos propios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación de figuras literarias por parte do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades deseñadas polo profesor e caderno de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4</li> <li>TO.5</li> <li>TO.6</li> <li>TO.7</li> </ul>	4,0
<b>TOTAL</b>						<b>40,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A lingua como sinal de identidade	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Facer un percorrido pola historia da lingua galega para que o alumnado entenda por que falamos galego e dende cando.	1	Lingua e sociedade. Por que o galego é a lingua propia de Galicia?	8,0
2.1 Ensinarlle ao alumnado a identificar prexuízos lingüísticos e, moi importante, ofrecerlle estratexias para desmontalos.	2	Lingua e sociedade. A diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento.	5,0
3.1 Coñecer os principais medios dixitais galegos e facer práctica comprensiva das novas publicadas	3	Lingua e sociedade. A lectura da actualidade informativa a través dos medios de comunicación.	7,0
4.1 Ter consciencia dos riscos da manipulación informativa e pór coidado á hora de elaborar contidos propios a partir de fontes fiables e de calidade.	4	Lingua e sociedade. Alfabetización mediática e informacional.	5,0



<b>TOTAL</b>	<b>25</b>
--------------	-----------

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Localizouse e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas	• PE.1	S	5
CA2.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de xeito progresivamente autónomo, buscando e seleccionando a información máis axeitada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de <u>propiedade intelectual e citando as fontes consultadas</u>	• PE.2	S	5
CA2.3 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación	• TO.1	S	5
CA2.4 Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, <u>avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada</u>	• PE.3	S	10
CA2.5 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais	• TO.2	S	15
CA2.6 Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, <u>con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical</u>	• PE.4	S	15
CA2.7 Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e <u>cortesía lingüística</u>	• TO.3	S	5
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de <u>selección das lecturas</u>	• TO.4	S	10
CA2.9 Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns <u>dos ámbitos profesional e persoal</u>	• TO.5	S	5
CA2.10 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a <u>democracia</u>	• PE.5	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Alfabetización mediática e informacional. Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade. Aspectos básicos da propiedade intelectual. Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Estratexias de procura e selección de información. Análise dos riscos e das comunicacións. Estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. Contexto: compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre as persoas interlocutoras; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. Comprensión e creación de secuencias textuais básicas (narrativas, descritivas, dialogadas, expositivas e argumentativas). Educación literaria. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde a Idade Media ata o século XIX inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde a Idade Media ata o século XVIII inscritas nun itinerario temático ou de xénero. Expresión, a través de Reflexión sobre a lingua. Análise da diversidade lingüística da contorna. Biografía lingüística. Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras e oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos, xeneralizacións e contraste entre linguas, co uso da metalinguaxe específica.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Será necesario, para a superación de cada avaliación, acadar un dominio mínimo conceptual e procedimental, amais do actitudinal, que garanta en todo caso, a criterio do profesor, a consecución dos resultados de aprendizaxe mínimos exixibles marcados no currículo. En calquera caso, informarase debidamente ao alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica, dos pesos específicos asociados a cada un dos CAs concretamente desenvolvidos, así como dos criterios de avaliación específicos recollidos nas táboas de observación de evidencias, tipo rúbricas ou equivalentes, que en cada caso sexan utilizadas. A parte conceptual terá un peso aproximado asociado aos correspondentes instrumentos de avaliación dun 40%, a parte procedimental dun 40% e o apartado actitudinal será dun 20%. Será necesario, para a superación de cada avaliación, acadar un dominio mínimo conceptual e procedimental, amais do actitudinal, que garanta en todo caso, a criterio do profesor, a consecución dos resultados de aprendizaxe mínimos exixibles marcados no currículo.

A parte conceptual avaliarase nas probas escritas previstas sobre os contidos teóricos e prácticos das unidades didácticas. A realización destas probas fóra da data previamente marcada para o grupo de clase será unha medida absolutamente excepcional que o profesor poderá acordar, se fose posible, individualmente cun alumno ou alumna, sempre que a falta na data da proba estivese plenamente xustificada e contando coa aprobación acorde coa propia función titorial do grupo e do equipo docente.

A parte procedimental avaliarase a través dos traballos e exposicións individuais ou en grupo, das actividades escritas ou orais realizadas, dos exercicios de práctica ofimática entregados en formato electrónico, da observación da execución do alumno ou alumna no desenvolvemento desas actividades realizadas na aula ou noutros contextos. En calquera caso, non se admitirá a entrega de traballos fóra do prazo establecido. No apartado actitudinal teranse en conta os comportamentos e actitudes vinculados ao perfil profesional. Cómpre sinalar que para superar a avaliación é necesario ter acadado unha puntuación superior a 5 puntos neste apartado, valorado sobre 10 ítems de observación nos aspectos referidos aos comportamentos en relación ás persoas (como son a integración, a comunicación interpersonal ou a asertividade) e aos comportamentos en relación ao traballo (como son a puntualidade, o interese, a responsabilidade ou a autonomía).

O alumnado será debidamente informado das porcentaxes citadas, dos criterios de avaliación que serán aplicados, así como do nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. As actividades de avaliación poderán ser escollidas entre as previstas como actividades de ensino e aprendizaxe para cada unidade didáctica, ou ben ser de nova proposición por parte do docente dándose indicacións precisas sobre as mesmas.

A nota final do módulo obterase como media das dúas avaliacións do curso, aplicando os seguintes coeficientes de valoración:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 40%

Para superar a avaliación final é preciso ter acadado unha puntuación de 5 puntos no cómputo global, e non inferior a 4 puntos en cada unha das avaliacións parciais unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes aos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que os provocan e a correspondente adopción das medidas correctoras oportunas. A realización de actividades de reforzo terá carácter continuo co fin de que o alumnado acade os niveis mínimos exixibles. No suposto de que estas medidas fosen insuficientes, e logo de efectuada a 3ª avaliación, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación que se realizarán con anterioridade ás avaliacións extraordinaria e final de ciclo.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles alumnos que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente na resolución de exercicios teórico-prácticos que determinarán se o alumn@ ten o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos desta programación.

Cualificaranse de 0 a 10 puntos, con ata dous decimais, de acordo cos criterios de corrección que se establezan ao inicio da mesma. Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5. A cualificación da avaliación exprésase numericamente de 1 a 10, sen decimais, redondeándose, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,5 ou superior e ao anterior nos demais casos.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación determinará en que medida a metodoloxía levada a cabo é axeitada para lograr os obxectivos fixados, avaliándose coma un proceso continuo ao longo de todo o curso. Respecto dos elementos da programación docente, seguirase o procedemento indicado polo departamento didáctico, debendo ser xustificadas todas as modificacións. Avaliarase a oportunidade da selección, distribución e secuencia dos contidos, a idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos utilizados, a adecuación dos obxectivos específicos aos criterios de avaliación asignados e, no seu caso, as medidas de atención á diversidade adoptadas.

O diario de clase como instrumento empregado no seguimento das actividades de aula e autoavaliación do labor docente, será completado coa información recollida dos profesores e profesoras do equipo docente e do propio grupo clase. A través de cuestionarios, entrevistas e discusións grupais dirixidas á valoración de actitudes e opinións respecto do labor docente, procurarase a mellora continua na atención ás necesidades de aprendizaxe.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O seguimento da programación determinará en que medida a metodoloxía levada a cabo é axeitada para lograr os obxectivos fixados, avaliándose coma un proceso continuo ao longo de todo o curso. Respecto dos elementos da programación docente, seguirase o procedemento indicado polo departamento didáctico, debendo ser xustificadas todas as modificacións. Avaliarase a oportunidade da selección, distribución e secuencia dos contidos, a idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos utilizados, a adecuación dos obxectivos específicos aos criterios de avaliación asignados e, no seu caso, as medidas de atención á diversidade adoptadas.

O diario de clase como instrumento empregado no seguimento das actividades de aula e autoavaliación do labor docente, será completado coa información recollida dos profesores e profesoras do equipo docente e do propio grupo clase. A través de cuestionarios, entrevistas e discusións grupais dirixidas á valoración de actitudes e opinións respecto do labor docente, procurarase a mellora continua na atención ás necesidades de aprendizaxe.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Darase un apoio educativo personalizado a aqueles alumnos ou alumnas que presenten estas dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lles permitan acadar as capacidades terminais asociadas aos contidos mínimos propostos. Procurarase, nestes casos, favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características

e flexibilizar os tempos de traballo, promovendo a aprendizaxe cooperativa e colaborativa entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos. De ser o caso, e cando se xustifique, solicitarase a axuda do equipo educativo a través do departamento de orientación.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo da formación profesional básica, cando así se xustifique e previa autorización de inspección educativa, poderá solicitar a flexibilización modular na que se incluírían, chegado o caso, medidas específicas de reforzo e adaptación curricular.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores adquire unha relevancia central na ensinanza dos módulos dos ciclos formativos desta familia profesional, especificamente na perspectiva da ética empresarial. Entendida aquí como o conxunto de valores, normas e principios reflectidos na cultura da empresa, supón así unha toma de conciencia crítica imprescindible para o futuro desenvolvemento do exercicio profesional.

Incorporarase na dinámica cotiá das clases aspectos relacionados coa educación para a igualdade e a educación para a convivencia e a interculturalidade, procurando a resolución de conflitos atopando solucións de consenso e fomentando o diálogo baseado no respecto mutuo e a crítica construtiva.

Traballaranse tamén cuestións relacionadas coa educación para a saúde, non só as que aluden aos hábitos xerais de saúde e limpeza, mais tamén as referidas á importancia de adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como unha axeitada hixiene ocular ou visual no contexto dun sistema educativo e laboral onde os ordenadores se teñen configurado no eixo central de todas as ferramentas de traballo.

Considerarase asemade, dun xeito transversal, a educación ambiental e do consumidor, fomentando nos alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como dos do centro.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso poderán promoverse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe. Os criterios de selección a considerar na idoneidade das actividades complementarias propostas virán marcados, principalmente, pola lectura de libros, artigos ou manuais técnicos, a proposta tanto do profesor como do alumnado para a súa valoración e análise, e pola asistencia a charlas, dentro ou fóra do centro, impartidas por especialistas nas temáticas traballadas.

Déixase aberta, por tanto, a posibilidade de engadir calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso e que o docente considere oportuna de cara ao desenvolvemento do módulo.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Escenarios de docencia semipresencial e docencia non presencial

A docencia do ciclo É PRESENCIAL.

Establécense escenarios para a docencia en situacións excepcionais que serán valoradas polo equipo directivo, equipo docente, titor e profesor ou profesora.



#### DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

##### RECURSOS:

- O alumnado deberá dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e LibreOffice.

##### SESIÓNS DIDÁCTICAS:

- O alumnado acudirá á clase por quendas de presencialidade.
- Cando os estudantes non poidan acudir ás sesións presenciais, deberán conectarse á plataforma GSuite e/ou a través de videoconferencia dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoa/s involucradas.

##### ACTIVIDADES:

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a plataforma GSuite e/ou a aula virtual do módulo.
- O docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e daralle un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas, por motivos xustificados ou inxustificados, dentro de prazo programado, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito presencial a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

##### EXAMES:

- Os exames se realizarán por quendas de presencialidade.
- Os alumnos e alumnas deberán presentarse na data e hora asignadas para a realización dos exames.
- A non asistencia aos exames na data e hora asignadas, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito á repetición das probas.

##### AVALIACIÓN:

- A avaliación rexeráse polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

#### DOCENCIA NON PRESENCIAL

**RECURSOS:**

- O alumnado deberán dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e LibreOffice.

**SESIÓNS DIDÁCTICAS:**

- O alumnado seguirá ás clases de xeito telemático, empregando o GSuite e/ou a través da aplicación de videoconferencia Falemos
- Os estudantes deberán conectarse á plataforma GSuite e/ou Falemos dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

**ACTIVIDADES:**

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a plataforma GSuite e/ou a aula virtual.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas dentro do prazo programado, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostraren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

**EXAMES:**

- Os exames se realizarán de xeito telemático e poderán consistir, entre outros, en formularios de Google, entregas de arquivos, cuestionarios orais, etc.
- Os alumnos e alumnas deberán realizar os exames na data e horario programados.
- A non realización dos exames, por motivos xustificados ou inxustificados, na data e horario programados, non dará dereito á repetición das probas.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostraren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 no exame.

**AVALIACIÓN:**

- A avaliación rexerese polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

**10.2) Lingua vehicular**

O idioma asignado a este módulo é o galego, porén, conforme á normativa, garantirase a adquisición do vocabulario técnico específico da materia que se trata neste módulo nas dúas linguas oficiais.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CBCOM11	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3002	Aplicacións básicas de ofimática	2023/2024	10	240	288

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RUBEN ALFONSO DOMÍNGUEZ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 107/2014, do 4 de setembro, establece no seu Anexo IX o currículo do ciclo formativo de formación profesional básica correspondente ao título profesional básico en Servizos Comerciais.

O título profesional básico en Servizos Administrativos queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: Servizos Comerciais.
- Nivel: formación profesional básica.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Comercio e Márketing.
- Referente europeo: CINE-3.5.3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

A competencia xeral do título profesional básico en Servizos Comerciais consiste en realizar operacións auxiliares de comercialización, merchandising e almacenaxe de produtos e mercadorías, así como as operacións relacionadas de tratamento de datos, seguindo protocolos establecidos, criterios comerciais e de imaxe, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

A presente programación corresponde ao módulo profesional de APLICACIÓNS BÁSICAS DE OFIMÁTICA, que está asociado á seguinte unidade de competencia:

UC0974\_1: realizar operacións básicas de tratamento de datos e textos, e confección de documentación.

Os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe van encamiñados a que o alumnado obteña as competencias que lle acrediten a desenvolver a súa actividade profesional no sector da xestión comercial, atendendo ás perspectivas apuntadas no currículo do título. Esta formación adecúase ao contexto produtivo municipal e comarcal do Porriño, tendo en consideración o actual crecemento e proliferación de pequenas e medianas empresas que requiren de profesionais cualificados nas tarefas dos servizos comerciais.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					300200			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Traballo nun entorno de rede		72	25	X			
2	Correo electrónico		72	25		X		
3	Follas de cálculo		72	25			X	
4	Elaboración de presentacións		72	25				X
Total: 288								

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Traballo nun entorno de rede	72

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Tramita información en liña aplicando ferramentas de internet, intranet e outras redes	SI

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os tipos de redes existentes	1	Avaliación inicial dos contidos da unidade	6,0
2.2 Diferenciar os distintos métodos de búsqueda de información en redes informáticas 2.3 Acceder a información a través da intranet e de internet 2.4 Localizar documentos utilizando ferramentas de busca de internet atendendo a criterios de fiabilidade 2.5 Traballar con servizos de aloxamento de ficheiros compartidos	2	Exposición dos contidos da unidade	33,0
2.1 Identificar as distintas redes informáticas ás que se pode acceder nun contorno organizacional 3.1 Identificar as distintas redes informáticas ás que se pode acceder nun contorno organizacional 3.2 Diferenciar os distintos métodos de búsqueda de información en redes informáticas 3.3 Acceder a información a través da intranet e de internet 3.4 Localizar documentos utilizando ferramentas de busca de internet atendendo a criterios de fiabilidade 3.5 Traballar con servizos de aloxamento de ficheiros compartidos	3	Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	33,0
<b>TOTAL</b>			<b>72</b>

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as redes informáticas ás que se pode acceder	• PE.1	S	20
CA1.2 Diferenciáronse os métodos de procura de información en redes informáticas	• PE.2	S	20

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Accedeuse á información a través de internet, intranet e outras redes de área local	• LC.1	S	10
CA1.4 Localizáronse documentos utilizando ferramentas de internet	• LC.2	S	10
CA1.5 Situáronse e recuperáronse ficheiros almacenados en servizos de aloxamento de ficheiros compartidos (?a nube?)	• LC.3	S	10
CA1.6 Comprobouse a veracidade da información localizada	• LC.4	S	15
CA1.7 Valorouse a utilidade de páxinas institucionais e de internet en xeral para a realización de trámites administrativos	• TO.1	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Redes informáticas: redes locais (tipos e compoñentes), redes sen fíos, internet e intranet.  Procura activa en redes informáticas.  Páxinas institucionais.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación inicial dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación do debate inicial</li> <li>Moderación do debate</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación no debate</li> <li>Anotación das achegas dos compañeiros e compañeiras e redacción das conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Documento redactado sobre as conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula porlivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1</li> </ul>	6,0
Exposición dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da teoría a través da proxección de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención ás explicacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resumo dos contidos nun mapa conceptual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> </ul>	33,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	diapositivas ou de forma práctica directamente sobre as aplicacións informáticas <ul style="list-style-type: none"> <li>• Guía do alumnado na elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba e repetición nas aplicacións das accións expostas</li> <li>• Elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos informáticos con conexión a internet e proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• LC.4</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• TO.1</li> </ul>	
Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos exercicios e prácticas completas a realizar</li> <li>• Guía do alumnado na resolución dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios prácticos atendendo ás directrices</li> <li>• Resolución e corrección dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resoltos e informe das actividades feitas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente</li> <li>• Equipos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• LC.4</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• TO.1</li> </ul>	33,0
<b>TOTAL</b>						<b>72,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Correo electrónico	72

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza comunicacións internas e externas mediante as utilidades de correo electrónico seguindo as pautas marcadas	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os diferentes tipos de contas de correo electrónico	1	Avaliación inicial dos contidos da unidade	6,0
2.1 Coñecer os diferentes tipos de contas de correo electrónico 2.2 Utilizar o correo electrónico para enviar e recibir mensaxes 2.3 Empregar as utilidades dun xestor de correo electrónico 2.4 Coñecer e valorar a importancia das medidas de seguridade e confidencialidade no uso do correo electrónico	2	Exposición dos contidos da unidade	33,0
3.1 Coñecer os diferentes tipos de contas de correo electrónico 3.2 Utilizar o correo electrónico para enviar e recibir mensaxes 3.3 Empregar as utilidades dun xestor de correo electrónico 3.4 Coñecer e valorar a importancia das medidas de seguridade e confidencialidade no uso do correo electrónico	3	Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	33,0
<b>TOTAL</b>			<b>72</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse os procedementos de transmisión e recepción de mensaxes internas e externas	• PE.1	S	40
CA2.2 Utilizouse o correo electrónico para enviar e recibir mensaxes internas e externas	• LC.1	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Anexáronse documentos, vínculos, etc., en mensaxes de correo electrónico	• LC.2	S	10
CA2.4 Empregáronse as utilidades do correo electrónico para clasificar contactos, listas de distribución de información, etc	• LC.3	S	10
CA2.5 Aplicáronse criterios de prioridade, importancia, seguimento, etc., no envío de mensaxes, seguindo as instrucións recibidas	• LC.4	S	10
CA2.6 Comprobáronse as medidas de seguridade e confidencialidade na custodia ou no envío de información, seguindo pautas prefixadas	• LC.5	S	10
CA2.7 Organizouse a axenda incluíndo tarefas, avisos e outras ferramentas de planificación do traballo	• LC.6	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Procedementos de transmisión e recepción de mensaxes internas e externas.  Envío e recepción de mensaxes por correo.  Inclusión de documentos e vínculos en mensaxes de correo electrónico.  Medidas de seguridade e confidencialidade na custodia e no envío de información.  Organización da axenda para incluír tarefas, avisos e outras ferramentas de planificación do traballo.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación inicial dos contidos da unidade	• Preparación do debate inicial	• Participación no debate	• Documento redactado sobre as conclusións	• Aula polivalente	• PE.1	6,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Moderación do debate</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Anotación das achegas dos compañeiros e compañeiras e redacción das conclusións</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>		
Exposición dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da teoría a través da proxección de diapositivas ou de forma práctica directamente sobre as aplicacións informáticas</li> <li>Guía do alumnado na elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención ás explicacións</li> <li>Proba e repetición nas aplicacións das accións expostas</li> <li>Elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resumo dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet e proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>LC.2</li> <li>LC.3</li> <li>LC.4</li> <li>LC.5</li> <li>LC.6</li> <li>PE.1</li> </ul>	33,0
Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación dos exercicios prácticos completas a realizar</li> <li>Guía do alumnado na resolución dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dos exercicios prácticos atendendo ás directrices</li> <li>Resolución e corrección dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos e informe das actividades feitas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>LC.2</li> <li>LC.3</li> <li>LC.4</li> <li>LC.5</li> <li>LC.6</li> <li>PE.1</li> </ul>	33,0
<b>TOTAL</b>						<b>72,0</b>



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Follas de cálculo	72

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos utilizando as aplicacións básicas de follas de cálculo	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a área de traballo dunha folla de cálculo	1	Avaliación inicial dos contidos da unidade	6,0
2.1 Valorar a importancia da utilización da folla de cálculo nas organizacións	2	Exposición dos contidos da unidade	33,0
2.2 Identificar as funcións básicas da folla de cálculo			
2.3 Utilizar a folla de cálculo en operacións básicas			
2.4 Aplicar fórmulas nunha folla de cálculo			
2.5 Insertar gráficos, imaxes e outros elementos nunha folla de cálculo			
3.1 Valorar a importancia da utilización da folla de cálculo nas organizacións	3	Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	33,0
3.2 Identificar as funcións básicas da folla de cálculo			
3.3 Utilizar a folla de cálculo en operacións básicas			
3.4 Aplicar fórmulas nunha folla de cálculo			
3.5 Insertar gráficos, imaxes e outros elementos nunha folla de cálculo			
<b>TOTAL</b>			<b>72</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Utilizáronse os tipos de datos e referencia para celas, rangos, follas e libros	• LC.1	S	25
CA3.2 Aplicáronse fórmulas e funcións básicas	• LC.2	S	15
CA3.3 Xeráronse e modificáronse gráficos de diferentes tipos	• LC.3	S	15
CA3.4 Utilizouse a folia de cálculo como base de datos sinxelos	• LC.4	S	15
CA3.5 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir textos, números, códigos e imaxes	• LC.5	S	15
CA3.6 Aplicáronse as regras de ergonomía e saúde no desenvolvemento das actividades	• LC.6	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Tipos de datos. Referencias a celas. Rangos. Follas. Libros.
Utilización de fórmulas e funcións.
Creación e modificación de gráficos.
Elaboración de distintos tipos de documentos.
Aplicación de regras ergonómicas.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación inicial dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación do debate inicial</li> <li>Moderación do debate</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación no debate</li> <li>Anotación das achegas dos compañeiros e compañeiras e redacción das conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Documento redactado sobre as conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> </ul>	6,0
Exposición dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da teoría a través da proxección de diapositivas ou de forma práctica directamente sobre as aplicacións informáticas</li> <li>Guía do alumnado na elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención ás explicacións</li> <li>Proba e repetición nas aplicacións das accións expostas</li> <li>Elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resumo dos contidos nun mapa conceptual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet e proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>LC.2</li> <li>LC.3</li> <li>LC.4</li> <li>LC.5</li> <li>LC.6</li> </ul>	33,0
Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentación dos exercicios e prácticas completas a realizar</li> <li>Guía do alumnado na resolución dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dos exercicios prácticos atendendo ás directrices</li> <li>Resolución e corrección dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos e informe das actividades feitas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aula polivalente</li> <li>Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1</li> <li>LC.2</li> <li>LC.3</li> <li>LC.4</li> <li>LC.5</li> <li>LC.6</li> </ul>	33,0
<b>TOTAL</b>						<b>72,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de presentación	72

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora presentacións gráficas utilizando aplicacións informáticas	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a área de traballo dunha aplicación de presentacións	1	Avaliación inicial dos contidos da unidade	6,0
2.1 Coñecer os elementos que forman parte do espazo e traballo dunha aplicación de presentacións	2	Exposición dos contidos da unidade	33,0
2.2 Aplicar os diversos formatos de diapositivas, textos e obxectos			
2.3 Aplicar estilos ás presentacións			
2.4 Crear presentacións dinámicas aplicando animacións e transicións			
2.5 Integrar vídeo e sonido nunha presentación			
2.6 Utilizar adecuadamente a conexión dos dispositivos de saída de vídeo e audio			
3.1 Coñecer os elementos que forman parte do espazo e traballo dunha aplicación de presentacións	3	Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	33,0
3.2 Aplicar os diversos formatos de diapositivas, textos e obxectos			
3.3 Aplicar estilos ás presentacións			
3.4 Crear presentacións dinámicas aplicando animacións e transicións			
3.5 Integrar vídeo e sonido nunha presentación			

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.6 Utilizar adecuadamente a conexión dos dispositivos de saída de vídeo e audio			
<b>TOTAL</b>			<b>72</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícaronse as opcións básicas das aplicacións de presentacións	• PE.1	S	25
CA4.2 Recoñecéronse os tipos de vista asociados a unha presentación	• PE.2	S	15
CA4.3 Aplicáronse e recoñecéronse as tipografías e as normas básicas de composición, deseño e utilización da cor	• LC.1	S	15
CA4.4 Creáronse presentacións sinxelas incorporando texto, gráficos, obxectos e ficheiros multimedia	• LC.2	S	15
CA4.5 Deseñáronse patróns de presentacións	• LC.3	S	15
CA4.6 Utilizáronse periféricos para executar presentacións asegurando o correcto funcionamento	• LC.4	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Identificación de opcións básicas das aplicacións de presentacións.
Deseño e edición de diapositivas. Tipos de vistas.
Formatado de diapositivas, textos e obxectos.
Utilización de patróns e asistentes.

Contidos
Presentación para o público: conexión a un proxector e configuración.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación inicial dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación do debate inicial</li> <li>• Moderación do debate</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación no debate</li> <li>• Anotación das achegas dos compañeiros e compañeiras e redacción das conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Documento redactado sobre as conclusións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente</li> <li>• Equipos informáticos con conexión a internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> </ul>	6,0
Exposición dos contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicación da teoría a través da proxección de diapositivas ou de forma práctica directamente sobre as aplicacións informáticas</li> <li>• Guía do alumnado na elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atención ás explicacións</li> <li>• Proba e repetición das aplicacións das accións expostas</li> <li>• Elaboración dun mapa conceptual dos contidos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resumo dos contidos nun mapa conceptual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula polivalente</li> <li>• Equipos informáticos con conexión a internet e proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• LC.4</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> </ul>	33,0
Desenvolvemento de varios supostos prácticos e exercicios sobre os contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación dos exercicios e prácticas completas a realizar</li> <li>• Guía do alumnado na resolución dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios prácticos atendendo ás directrices</li> <li>• Resolución e corrección dos exercicios prácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Casos prácticos resolto e informe das actividades feitas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aula taller</li> <li>• Equipos informáticos con conexión a internet e proxector</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• LC.1</li> <li>• LC.2</li> <li>• LC.3</li> <li>• LC.4</li> </ul>	33,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>72,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos exixibles para acadar unha avaliación positiva están indicados en cada unha das unidades didácticas e son de aplicación para todas as modalidades de ensino. Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cunha participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Dado que se trata dunha ensinanza presencial, os alumnos e alumnas deberán asistir regularmente ás actividades programadas. Ao longo de todo o curso levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais propias do traballo en grupo, segundo os criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas.

Para ter unha cualificación positiva nas avaliacións parciais e final haberá que ter unha cualificación positiva nas probas e instrumentos de avaliación asociadas a criterios mínimos de avaliación. Considerarase positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 sobre unha puntuación máxima de 10.

As cualificacións das avaliacións parciais e final serán numéricas entre 1 e 10, sen decimais. Se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa. Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5, a nota redondéase á alza.

Será necesario, para a superación de cada avaliación, acadar un dominio mínimo conceptual e procedimental, amais do actitudinal, que garanta en todo caso, a criterio do profesor, a consecución dos resultados de aprendizaxe mínimos exixibles marcados no currículo. En calquera caso, informarase debidamente ao alumnado no desenvolvemento de cada unidade didáctica, dos pesos específicos asociados a cada un dos CAs concretamente desenvolvidos, así como dos criterios de avaliación específicos recollidos nas táboas de observación de evidencias, tipo rúbricas ou equivalentes, que en cada caso sexan utilizadas. A parte conceptual terá un peso aproximado asociado aos correspondentes instrumentos de avaliación dun 40%, a parte procedimental dun 40% e o apartado actitudinal será dun 20%. Será necesario, para a superación de cada avaliación, acadar un dominio mínimo conceptual e procedimental, amais do actitudinal, que garanta en todo caso, a criterio do profesor, a consecución dos resultados de aprendizaxe mínimos exixibles marcados no currículo.

A parte conceptual avaliarase nas probas escritas previstas sobre os contidos teóricos e prácticos das unidades didácticas. A realización destas probas fóra da data previamente marcada para o grupo de clase será unha medida absolutamente excepcional que o profesor poderá acordar, se fose posible, individualmente cun alumno ou alumna, sempre que a falta na data da proba estivese plenamente xustificada e contando coa



aprobación da titora do grupo e do equipo docente.

A parte procedimental avaliarase a través dos traballos e exposicións individuais ou en grupo, das actividades escritas ou orais realizadas, dos exercicios de práctica ofimática entregados en formato electrónico, da observación da execución do alumno ou alumna no desenvolvemento desas actividades realizadas na aula ou noutros contextos. En calquera caso, non se admitirá a entrega de traballos fóra do prazo establecido. No apartado actitudinal teranse en conta os comportamentos e actitudes vinculados ao perfil profesional. Cómpre sinalar que para superar a avaliación é necesario ter acadado unha puntuación superior a 5 puntos neste apartado, valorado sobre 10 ítems de observación nos aspectos referidos aos comportamentos en relación ás persoas (como son a integración, a comunicación interpersonal ou a asertividade) e aos comportamentos en relación ao traballo (como son a puntualidade, o interese, a responsabilidade ou a autonomía).

O alumnado será debidamente informado das porcentaxes citadas, dos criterios de avaliación que serán aplicados, así como do nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. As actividades de avaliación poderán ser escollidas entre as previstas como actividades de ensino e aprendizaxe para cada unidade didáctica, ou ben ser de nova proposición por parte do docente dándose indicacións precisas sobre as mesmas.

A nota final do módulo obterase, se prexuízo, en todo caso, do establecido na epígrafe 4.c. desta programación referida especificamente ás ponderacións asignadas a cada CA curricular no período correspondente, como media das avaliacións do curso, aplicando os seguintes coeficientes de valoración:

1ª avaliación: 40%

2ª avaliación: 60%

Para superar a avaliación final é preciso ter acadado unha puntuación de 5 puntos no cómputo global, e non inferior a 4 puntos en cada unha das avaliacións parciais unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes aos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que os provocan e a correspondente adopción das medidas correctoras oportunas. A realización de actividades de reforzo terá carácter continuo co fin de que o alumnado acade os niveis mínimos exixibles. No suposto de que estas medidas fosen insuficientes, e logo de efectuada a avaliación final de módulos, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación que se realizarán con anterioridade á avaliación final de ciclo.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria a perda do dereito á avaliación continua.

Nos outros casos, a avaliación ten un carácter continuo, pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O número de faltas que implican a perda do dereito á avaliación continua será do 10% con respecto a duración total do módulo. Para determinar a perda do dereito á avaliación continua o profesorado poderá valorar as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no regulamento das normas de organización e



funcionamento do centro. O alumnado con perda do dereito a avaliación continua terá que realizar unha proba de toda a materia composta de dúas partes, cada unha delas valorada sobre 10 puntos. Na primeira parte da proba valoraranse os contidos mínimos exixibles conceptuais da materia do módulo, e na segunda os procedimentais. A nota final da proba será a media das dúas partes, sempre que se obtivese como mínimo en cada unha delas unha puntuación de 5 puntos. A proba poderá levarse a cabo en dúas sesións diferentes para cada unha das partes, que son eliminatorias.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación determinará en que medida a metodoloxía levada a cabo é axeitada para lograr os obxectivos fixados, avaliándose coma un proceso continuo ao longo de todo o curso. Respecto dos elementos da programación docente, seguirase o procedemento indicado polo departamento didáctico, debendo ser xustificadas todas as modificacións. Avaliarase a oportunidade da selección, distribución e secuencia dos contidos, a idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos utilizados, a adecuación dos obxectivos específicos aos criterios de avaliación asignados e, no seu caso, as medidas de atención á diversidade adoptadas.

O diario de clase como instrumento empregado no seguimento das actividades de aula e autoavaliación do labor docente, será completado coa información recollida dos profesores e profesoras do equipo docente e do propio grupo clase. A través de cuestionarios, entrevistas e discusións grupais dirixidas á valoración de actitudes e opinións respecto do labor docente, procurárase a mellora continua na atención ás necesidades de aprendizaxe.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa do grupo, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientalo e situalo en relación co perfil profesional correspondente.

O cuestionario de avaliación inicial sobre os coñecementos previos, os intereses e as motivacións do alumnado, se complementará cos datos de información da matrícula e os proporcionados pola observación directa das actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Darase un apoio educativo personalizado a aqueles alumnos ou alumnas que presenten estas dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lles permitan acadar as capacidades terminais asociadas aos contidos mínimos propostos. Procurárase, nestes casos, favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características e flexibilizar os tempos de traballo, promovendo a aprendizaxe cooperativa e colaborativa entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos. De ser o caso, e cando se xustifique, solicitarase a axuda do equipo educativo a través do departamento de orientación.

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo formativo da formación profesional básica, cando así se xustifique e previa autorización de inspección educativa, poderá solicitar a flexibilización

modular na que se incluírían, chegado o caso, medidas específicas de reforzo e adaptación curricular.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores adquire unha relevancia central na ensinanza dos módulos dos ciclos formativos desta familia profesional, especificamente na perspectiva da ética empresarial. Entendida aquí como o conxunto de valores, normas e principios reflectidos na cultura da empresa, supón así unha toma de conciencia crítica imprescindible para o futuro desenvolvemento do exercicio profesional. Incorporarase na dinámica cotiá das clases aspectos relacionados coa educación para a igualdade e a educación para a convivencia e a interculturalidade, procurando a resolución de conflitos atopando solucións de consenso e fomentando o diálogo baseado no respecto mutuo e a crítica construtiva.

Traballaranse tamén cuestións relacionadas coa educación para a saúde, non só as que aluden aos hábitos xerais de saúde e limpeza, mais tamén as referidas á importancia de adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como unha axeitada hixiene ocular ou visual no contexto dun sistema educativo e laboral onde os ordenadores se teñen configurado no eixo central de todas as ferramentas de traballo.

Considerarase asemade, dun xeito transversal, a educación ambiental e do consumidor, fomentando nos alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como dos do centro.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso poderán promoverse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe. Os criterios de selección a considerar na idoneidade das actividades complementarias propostas virán marcados, principalmente, pola lectura de libros, artigos ou manuais técnicos, a proposta tanto do profesor como do alumnado para a súa valoración e análise, e pola asistencia a charlas, dentro ou fóra do centro, impartidas por especialistas nas temáticas traballadas.

Déixase aberta, por tanto, a posibilidade de engadir calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso e que o docente considere oportuna de cara ao desenvolvemento do módulo.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Escenarios de docencia semipresencial e docencia non presencial

A docencia do ciclo É PRESENCIAL.

Establécense escenarios para a docencia en situacións excepcionais que serán valoradas polo equipo directivo, equipo docente, titor e profesor ou profesora.

DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

**RECURSOS:**

- O alumnado deberá dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e LibreOffice.

**SESIÓNS DIDÁCTICAS:**

- O alumnado acudirá á clase por quendas de presencialidade.

- Cando os estudantes non poidan acudir ás sesións presenciais, deberán conectarse á plataforma GSuite e/ou a través de videoconferencia dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.

- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.

- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

**ACTIVIDADES:**

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a plataforma GSuite e/ou a aula virtual do módulo.

- O docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e daralle un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.

- A non entrega das tarefas, por motivos xustificadas ou inxustificadas, dentro de prazo programado, non dará dereito a súa repetición.

- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito presencial a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

**EXAMES:**

- Os exames se realizarán por quendas de presencialidade.

- Os alumnos e alumnas deberán presentarse na data e hora asignadas para a realización dos exames.

- A non asistencia aos exames na data e hora asignadas, por motivos xustificadas ou inxustificadas, non dará dereito á repetición das probas.

**AVALIACIÓN:**

- A avaliación rexeráse polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

**DOCENCIA NON PRESENCIAL****RECURSOS:**

- O alumnado deberán dispor na casa dun dispositivo electrónico con conexión a Internet, GSuite, Microsoft Office e LibreOffice.

**SESIÓNS DIDÁCTICAS:**

- O alumnado seguirá ás clases de xeito telemático, empregando o GSuite e/ou a través da aplicación de videoconferencia Falemos
- Os estudantes deberán conectarse á plataforma GSuite e/ou Falemos dende a casa no horario establecido para seguir en directo a clase e participar activamente no seu transcurso. Para isto a docente lle poderá exixir a activación do micrófono e a cámara.
- No caso de que un alumno ou alumna non se conecte no horario establecido para a sesión didáctica rexistrárase a corresponde falta no XADE.
- Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abriráselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

**ACTIVIDADES:**

- Para o desenvolvemento das tarefas, tanto aquelas a realizar durante a sesión didáctica como aquelas a efectuar fóra do horario lectivo, empregárase a plataforma GSuite e/ou a aula virtual.
- A docente subirá os materiais e instrucións necesarios para que o alumnado poida realizar a actividade e lle dará un prazo determinado para a súa entrega. Antes de que finalice dito prazo, os estudantes deberán ter subido as súas respostas á aula virtual para a súa correspondente corrección e cualificación.
- A non entrega das tarefas dentro do prazo programado, por motivos xustificados ou inxustificados, non dará dereito a súa repetición.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 na tarefa.

**EXAMES:**

- Os exames se realizarán de xeito telemático e poderán consistir, entre outros, en formularios de Google, entregas de arquivos, cuestionarios orais, etc.
- Os alumnos e alumnas deberán realizar os exames na data e horario programados.
- A non realización dos exames, por motivos xustificados ou inxustificados, na data e horario programados, non dará dereito á repetición das probas.
- En caso de sospeita de copia ou plaxio a docente poderá requirir do alumnado de xeito telemático a explicación oral das respostas proporcionadas ou a repetición de exercicios a fin de que os estudantes demostren os seus coñecementos. A negativa do alumno ou alumna a efectuar esta proba de validación implicará automaticamente un 0 no exame.

**AVALIACIÓN:**

- A avaliación rexerese polos mesmos criterios indicados para o escenario de presencialidade no epígrafe 5 da presente programación.

**10.2) Lingua vehicular**

O idioma asignado a este módulo é o galego, porén, conforme á normativa, garantirase a adquisición do vocabulario técnico específico da materia que se trata neste módulo nas dúas linguas oficiais.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CBCOM11	Servizos comerciais	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3005	Atención á clientela	2023/2024	3	58	69

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

A presente programación impartirase ao longo do curso no IES Ribeira do Louro do Porriño durante o curso 2021-2022.

O título profesional básico en Servizos Comerciais ven regulado no DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia que serve de referencia para definir a súa formación que no futuro lle permitirá desempeñar diversos postos de traballo en empresas de distribución comercial, tanto por xunto (centrais de compras, mercados centrais de abastos, etc.), como retailistas (tendas, supermercados, hipermercados e grandes superficies comerciais), en centros de distribución comercial e en departamentos comerciais e almacéns de empresas doutros sectores productivo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					300500				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	Atención á clientela	Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen. Barreiras e dificultades comunicativas. Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais. Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.	14	20	X		X		
2	Venda de produtos e servizos	O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento. Exposición das calidades dos produtos e servizos. O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela. Técnicas de venda.	17	25		X			
3	Información á clientela	Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela. Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo. Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo. Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción. Obxeccións da clientela e o seu tratamento. Iniciativa emprendedora na atención á clientela	21	30	X	X	X	X	
4	Tratamento de reclamacións	Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación. Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.	17	25					X
Total:			69						

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Atención á clientela	14

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación	NO
RA3 - Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas	NO

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o proceso, os axentes e elementos que interveñen na comunicación	1	Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen	3,5
2.1 Coñecer as barreiras internas, externas e fisiolóxicas	2	Barreiras e dificultades comunicativas	3,5
3.1 Coñecer a emisión e recepción de mensaxes orais	3	Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais	3,5
4.1 Coñecer a comunicación non verbal. Motivación, frustración e mecanismos de defensa	4	Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal	3,5
<b>TOTAL</b>			<b>14.0</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre a adaptación da actitude e o discurso á situación de partida</li> </ul>	S	12
CA1.4 Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicada ao documento de traballo sobre a comunicación co emprego de técnicas</li> </ul>	S	12

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.3 - Aplicada ao documento de traballo sobre as conversas empregando as fórmulas e léxico comercial</li> </ul>	S	16
CA1.6 Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.4 - Aplicada ao documento de traballo sobre utilización do léxico comercial nas respostas</li> </ul>	S	12
CA1.7 Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.5 - Aplicada ao documento de traballo sobre expresión oral de temas nunha relación de comunicación</li> </ul>	S	12
CA1.8 Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.6 - Aplicada ao documento de traballo sobre a actitude</li> </ul>	S	12
CA1.9 Transmítiuse información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.7 - Aplicada ao documento de traballo sobre a transmisión correcta de información</li> </ul>	S	12
CA3.5 Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LC.8 - Aplicada ao documento de traballo sobre a imaxe na atención á clientela</li> </ul>	S	12
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen.</p> <p>Barreiras e dificultades comunicativas.</p> <p>Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais.</p> <p>Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.</p>



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen - Estudarase o proceso de comunicación e os axentes e elementos que interveñen	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar o proceso de comunicación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha práctica sobre os axentes e elementos que interveñen na comunicación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre o proceso de comunicación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.7 - Aplicada ao documento de traballo sobre a transmisión correcta de información</li> </ul>	3,5
Barreiras e dificultades comunicativas - Estudarase as barreiras internas, externas e fisiolóxicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as barreiras e dificultades comunicativas, concretamente as internas, as externas e as fisiolóxicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha práctica sobre as barreiras e dificultades comunicativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as barreiras e dificultades comunicativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> <li>Pizarra</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre a adaptación da actitude e o discurso á situación de partida</li> </ul>	3,5
Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais - Estudarase a voz, a linguaxe e o vocabulario, a importancia de saber falar en público e a comunicación telefónica	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a comunicación verbal, a emisión e recepción de mensaxes orais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha práctica sobre a comunicación verbal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre a comunicación verbal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre a adaptación da actitude e o discurso á situación de partida</li> <li>LC.3 - Aplicada ao documento de traballo sobre as conversas empregando as fórmulas e léxico comercial</li> <li>LC.4 - Aplicada ao documento de traballo sobre utilización do léxico comercial nas respostas</li> <li>LC.5 - Aplicada ao documento de traballo sobre expresión oral de temas nunha relación de comunicación</li> <li>LC.7 - Aplicada ao documento de traballo sobre a transmisión correcta de información</li> </ul>	3,5

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal - Estudarase a motivación, frustración e mecanismos de defensa e a comunicación non verbal	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a comunicación non verbal e a motivación, frustración e mecanismos de defensa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha práctica sobre a comunicación non verbal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre comunicación non verbal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicada ao documento de traballo sobre a comunicación co emprego de técnicas</li> <li>LC.6 - Aplicada ao documento de traballo sobre a actitude</li> <li>LC.8 - Aplicada ao documento de traballo sobre a imaxe na atención á clientela</li> </ul>	3,5
<b>TOTAL</b>						<b>14,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Venda de produtos e servizos	17

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustifícaa desde o punto de vista técnico	NO

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer ao vendedor/a e as súas características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento	1	O/a vendedor/a: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento	4,5
2.1 Coñecer a exposición das calidades dos produtos e servizos	2	Exposición das calidades dos produtos e servizos	3,5
3.1 Coñecer o modelo de actuación dun/unha vendedor/a profesional	3	O/a vendedor/a profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela	4,5
4.1 Coñecer as principais técnicas de venda: a venda suxestiva, o merchandising e o método AIDA	4	Técnicas de venda	4,5

<b>TOTAL</b>	<b>17.0</b>
--------------	-------------

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.2 Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre a diferenciación da clientela</li> </ul>	S	14
CA2.3 Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a terminoloxía básica de comunicación comercial</li> </ul>	S	14
CA2.4 Diferenciouse entre información e publicidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Cuestionario sobre a diferenciación dos conceptos información e publicidade</li> </ul>	S	14
CA2.5 Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Cuestionario sobre a adecuación das respostas ás preguntas do público</li> </ul>	S	14
CA2.6 Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Cuestionario sobre como informar á clientela das calidades esperables</li> </ul>	S	14
CA2.7 Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Cuestionario sobre o correcto asesoramento da clientela</li> </ul>	S	16
CA2.8 Solicitouse á clientela que comunique a elección da opción elixida	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como solicitarlle á clientela que comunique a elección da opción elixida</li> </ul>	S	14
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.</p> <p>Exposición das calidades dos produtos e servizos.</p> <p>O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.</p>

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos
Técnicas de venda.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O/a vendedor/a: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento - Estudaranse as características, funcións e actitudes do/a vendedor/a así como as súas calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as características, funcións e actitudes do/a vendedor/a así como as calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre as características, funcións e actitudes do/a vendedor/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as características, funcións e actitudes do/a vendedor/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> <li>Pizarra</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre a diferenciación da clientela</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a terminoloxía básica de comunicación comercial</li> </ul>	4,5
Exposición das calidades dos produtos e servizos - Estudarse a exposición das calidades dos produtos e servizos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as calidades dos produtos e servizos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre a exposición das calidades dos produtos e servizos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as calidades dos produtos e servizos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre a diferenciación da clientela</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a terminoloxía básica de comunicación comercial</li> <li>PE.5 - Cuestionario sobre como informar á clientela das calidades esperables</li> </ul>	3,5
O/a vendedor/a profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela - Estudarse o modelo de actuación no proceso de venda dun vendedor profesional así como a súa relación cos clientes	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar o modelo de actuación dun/unha vendedor/a profesional así como as relacións coa clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha práctica sobre o modelo de actuación dun/unha vendedor/a profesional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre o modelo de actuación dun/unha vendedor/a profesional</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre a diferenciación da clientela</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a terminoloxía básica de comunicación comercial</li> <li>PE.4 - Cuestionario sobre a adecuación das respostas ás preguntas do público</li> </ul>	4,5

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Cuestionario sobre o correcto asesoramento da clientela</li> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como solicitarlle á clientela que comunique a elección da opción elixida</li> </ul>	
Técnicas de venda - Estudaranse as principais técnicas de venda: a venda suxestiva, o merchandising e o método AIDA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as técnicas de venda, especificamente a venda suxestiva, o merchandising e o método AIDA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre diferentes tipos de técnicas de venda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as técnicas de venda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre a diferenciación da clientela</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a terminoloxía básica de comunicación comercial</li> <li>PE.3 - Cuestionario sobre a diferenciación dos conceptos información e publicidade</li> <li>PE.4 - Cuestionario sobre a adecuación das respostas ás preguntas do público</li> </ul>	4,5
<b>TOTAL</b>						<b>17,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Información á clientela	21

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación	NO
RA2 - Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustificaas desde o punto de vista técnico	NO
RA3 - Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas	NO
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do servizo de atención á clientela	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela	1	Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela	3,5
2.1 Coñecer a tipoloxía de clientes	2	Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo	3,5
3.1 Coñecer como fidelizar ao cliente e entender a atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo	3	Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo	3,5
4.1 Coñecer as necesidades e gustos da clientela e os criterios para a súa satisfacción	4	Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción	3,5
5.1 Coñecer as obxeccións da clientela e o seu tratamento	5	Obxeccións da clientela e o seu tratamento	3,5
6.1 Coñecer a persoa emprendedora no servizo de atención á clientela, as súas iniciativas e o risco da actividade emprendedora	6	Iniciativa emprendedora na atención á clientela	3,5
<b>TOTAL</b>			<b>21.0</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analízase o comportamento da clientela posible	• PE.1 - Cuestionario sobre o comportamento posible da clientela	S	10
CA1.3 Obtívose a información necesaria da posible clientela	• PE.2 - Cuestionario sobre como obter información da posible clientela	S	10
CA2.1 Analízase a tipoloxía de público	• PE.3 - Cuestionario sobre a tipoloxía de público	S	10
CA3.1 Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos	• PE.4 - Cuestionario sobre como entregar á clientela os artigos	S	10
CA3.2 Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso	• LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre como transmitir á clientela as operacións nos artigos entregados	S	10
CA3.3 Identifícanse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto	• PE.5 - Cuestionario sobre a identificación dos documentos de entrega asociados ao produto	S	10
CA3.4 Recolleuse a conformidade da clientela co acabado obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións	• PE.6 - Cuestionario sobre o tratamento das obxeccións da clientela	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.6 Mantívose sempre o respecto cara á clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como respectar á clientela</li> </ul>	S	10
CA3.7 Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Cuestionario sobre como fidelizar á clientela</li> </ul>	S	10
CA3.8 Definiuse o período de garantía e as obrigas legais apareladas	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.9 - Cuestionario sobre o período de garantía</li> </ul>	S	3
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.10 - Cuestionario sobre o perfil da persoa emprendedora</li> </ul>	S	3
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicada ao documento de traballo da valoración da iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na atención á clientela</li> </ul>	S	2
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.11 - Cuestionario sobre os factores de risco inherente á actividade emprendedora</li> </ul>	S	2
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<p>Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.</p> <p>Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.</p> <p>Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.</p> <p>Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.</p> <p>Obxeccións da clientela e o seu tratamento.</p> <p>A persoa emprendedora no servizo de atención á clientela.</p> <p>Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na actividade de atención á clientela.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela.</p>

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela - Estudaranse os papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar os papeis, obxectivos e relación entre os profesionais e a clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre os papeis, obxectivos e relación entre os profesionais e a clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre os papeis, obxectivos e relación entre os profesionais e a clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como respectar á clientela</li> </ul>	3,5
Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo - Estudaranse a tipoloxía de clientes	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as tipoloxías de clientela e a súa relación coa prestación do servizo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar un esquema das tipoloxías de clientes existentes</li> <li>Realizar actividades recoñecendo as diferentes tipoloxías de clientes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Esquemas sobre as tipoloxías de clientes</li> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre a tipoloxía de clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre o comportamento posible da clientela</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre como obter información da posible clientela</li> <li>PE.3 - Cuestionario sobre a tipoloxía de público</li> </ul>	3,5
Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo - Estudaranse a atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo. Fidelización do cliente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar como afrontar a atención personalizada e os fallos máis comúns así como afondar na fidelización do cliente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre a atención personalizada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre a atención personalizada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre como transmitir á clientela as operacións nos artigos entregados</li> <li>PE.4 - Cuestionario sobre como entregar á clientela os artigos</li> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como respectar á clientela</li> <li>PE.8 - Cuestionario sobre como fidelizar á clientela</li> </ul>	3,5
Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción - Estudaranse as necesidades e gustos da clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as necesidades e gustos da clientela e os criterios para a súa satisfacción</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre as necesidades e gustos da clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as necesidades e gustos da clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Cuestionario sobre como respectar á clientela</li> </ul>	3,5



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
				<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>		
Obxeccións da clientela e o seu tratamento - Estudarse o tratamento das obxeccións da clientela	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar as obxeccións da clientela e o seu tratamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades sobre a clasificación das obxeccións da clientela e como darlle resposta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre as obxeccións da clientela e o seu tratamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Cuestionario sobre como entregar á clientela os artigos</li> <li>PE.5 - Cuestionario sobre a identificación dos documentos de entrega asociados ao produto</li> <li>PE.6 - Cuestionario sobre o tratamento das obxeccións da clientela</li> <li>PE.9 - Cuestionario sobre o período de garantía</li> </ul>	3,5
Iniciativa emprendedora na atención á clientela - Estudarse a persoa emprendedora no servizo de atención á clientela, as súas iniciativas e o risco da actividade emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a iniciativa emprendedora na atención á clientela</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar actividades acerca das persoas emprendedoras, da iniciativa e do risco na actividade emprendedora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios prácticos e teóricos sobre a iniciativa emprendedora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Pizarra</li> <li>Proxector</li> <li>Apuntamentos</li> <li>Ordenador con conexión a Internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicada ao documento de traballo da valoración da iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na atención á clientela</li> <li>PE.10 - Cuestionario sobre o perfil da persoa emprendedora</li> <li>PE.11 - Cuestionario sobre os factores de risco inherente á actividade emprendedora</li> </ul>	3,5
<b>TOTAL</b>						<b>21,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Tratamento de reclamacións	17

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións, a xestión de reclamacións, as alternativas reparadoras e os elementos formais que contextualizan unha reclamación	1	Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.	8,5
2.1 Coñecer os documentos necesarios ou probas nunha reclamación e o procedemento de recollida das reclamacións	2	Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións	8,5
<b>TOTAL</b>			<b>17.0</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Ofrecéronse alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario sobre o ofrecemento de alternativas á clientela ante reclamacións corrixibles</li> </ul>	S	20
CA5.2 Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Cuestionario sobre a lexislación en relación coas reclamacións</li> </ul>	S	18
CA5.3 Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Cuestionario sobre como subministrar información á cliente para presentar unha reclamación</li> </ul>	S	20
CA5.4 Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Cuestionario sobre como recoller os formularios presentados pola clientela nunha reclamación</li> </ul>	S	18
CA5.5 Cubriuse unha folla de reclamación	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Aplicada ao documento de traballo sobre a cumprimentación de follas de reclamación</li> </ul>	S	18
CA5.6 Compartiuse información co equipo de traballo	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Aplicada ao documento de traballo sobre compartir información co equipo de traballo</li> </ul>	S	6
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
